

XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Adv. Fernández Ladreda, 43
36003 - Pontevedra
A/A Servicio de Energía y Minas

EXPEDIENTE: IN661A 2011/11-4

ASUNTO: Respuesta a Informe sobre Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Mesada emitido por Augas de Galicia.

Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L. (ALDENER GALICIA), con domicilio en Juan de la Cierva, 18 - polígono industrial A Grela - 15.008 A Coruña y C.I.F. B-70.168.497 representada por D. Félix Núñez Moreno, con D.N.I. 50.165.224-Q

EXPONE

- Se ha recibido con registro de salida 143.102 de 08/10/12 de la Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra "Informe sobre Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Mesada" emitido por Augas de Galicia.
- Por la presente notificamos nuestra conformidad con el informe citado.

SOLICITA

- La continuación del expediente administrativo.

DOCUMENTACIÓN APORTADA

- Notificación del Informe sobre Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Mesada emitido por Augas de Galicia.



A Coruña, 16 de octubre de 2012
ALDESA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA, S.L.


Félix Núñez Moreno
Representante Legal

Juan de la Cierva, 18
Polígono Industrial A Grela - 15.008 A Coruña
Tel. 91 381 92 20 - Fax 91 381 78 03





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA



Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544141 Fax: 981 541943



9581 30.08.2012 08:47

Consellería de Economía e Industria
Xefatura Territorial de Pontevedra
Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA



Asunto: Informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Mesada, no concello de Vila de Cruces (EXP. IN661A 2011/11-4)

Promotor: Aldesa, Energías Renovables de Galicia

Con data 14/06/2012 recibíuse escrito de solicitude de informe sectorial sobre o documento indicado no encabezamento, xuntando documentación en soporte informático. Logo de analizada, cómpre facer as seguintes observacións:

As instalacións localízanse no extremo nordeste da provincia de Pontevedra, no concello de Vila de Cruces (parroquias de Carbia, Ferreiros e Sabrexo).

O parque estará formado por un total de 3 aerogeradores de 4.500 kW de potencia unitaria, limitando a potencia conxunta a 11 MW.

- A zona de estudo atópase integramente na conca do río Ulla, que discorre ó norte do Parque solicitado. Ó situarse nunha liña de cumios, non existe unha rede hidrográfica ben estruturada na zona. Non obstante, nela nacen numerosos regueiros que van verter as súas augas ó Ulla. Destacan os seguintes:

O arroio que nace en Os Campos, na zona central da poligonal do parque.

O rego de Cubelos, que nace no extremo nordeste da poligonal, ó norte de Pinillas de Moas. Un segundo arroio nace no extremo noroeste da poligonal, en Armada. En ámbolos casos, o seu percorrido no interior da poligonal é temporal, é sobre o terreo unicamente aparecen como valgadas, non apreciándose a existencia de leito nin de vexetación de ribeira.

Por último, outro rego nace xusto no límite da poligonal, preto da localidade de Fontarcada.

- O acceso ó parque efectúase desde a estrada PO-260 ó oeste de Vila de Cruces, á altura de Fontarcada. Tanto os viarios de acceso ó parque como os viarios interiores foron deseñados adaptándose ó máximo á topografía, minimizando así os movementos de terras. Tentouse utilizar, sempre que fose posible, viarios xa existentes, aínda que algúns deles haberán de ser acondicionados. A lonxitude total é de 1.485 m, dos que 915 son tramos xa existentes e os 570 m restantes son de nova construción.

- A afección sobre a hidroloxía superficial na fase de construción pódese producir por alteración da rede hidrográfica e o sistema de drenaxe ou por modificación das condicións físico - químicas das augas.

*As afeccións á rede hidrográfica e ó sistema de drenaxe pódense deber a varias causas, como afección directa por ocupación de canles, alteración de ribeiras, modificación da rede de escorrenta e drenaxe superficial e afección da capa freática. Reflítase que no proxecto construtivo (do que este organismo de conca non ten constancia, e que deberá ser informado no seu momento) se recollen unha serie de medidas tendentes a minimizar estas afeccións.

Para a drenaxe lonxitudinal optouse pola execución de cunetas con sección en V nas zonas do viario en desmonte. Naqueles puntos en que é necesario o cruzamento baixo viario das augas de drenaxe que circulan polas devanditas cunetas execútase un cano de formigón envolvido no mesmo material.

Para a drenaxe transversal óptase por instalar canos de tubos de formigón similares ós utilizados nos cruzamentos antes sinalados e as correspondentes arquetas ou boquillas, segundo os casos. Na saída das drenaxes transversais e nos tramos de cunetas con elevada pendente disporanse sistemas protectores ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou obstrucións na traxectoria de incorporación das augas ós cursos naturais. Nos noiros de elevada pendente disporanse mallas ou outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais aba abaixo polo menos ata a súa completa revexetación.

Se durante as obras xurdisen afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ós cursos superficiais máis próximos.

No proxecto evítase (sic) a rectificación e canalización das canles de calquera orde, agás na lonxitude necesaria para o cruzamento dos viarios, así como a concentración da drenaxe de varios cursos non permanentes de auga a través dunha soa estrutura.

*A modificación das características físico - químicas das augas de escorrenta e as que discorren polas canles próximas pódese producir polos movementos de terra ou por vertidos accidentais ou arrastres. O vertido accidental de substancias podería provocar tamén un deterioro da calidade das augas subterráneas.

Establécense diversas medidas preventivas e correctoras que se consideran axeitadas, como o uso de barreiras de retención de sedimentos, balsas de decantación, gabias de infiltración ou dispositivos análogos.

- Ó longo da construción realizaranse controis periódicos da calidade das augas, o que permitirá a adopción de medidas adicionais en caso de valores anormais que poidan ser achacados á realización das obras. Na fase de explotación seguiranse as mesmas medidas de precaución no transporte, almacenaxe e uso de substancias contaminantes e, polo menos durante os dous primeiros anos de funcionamento do parque eólico, levaranse a cabo controis periódicos da calidade das augas.

- Realizarase un informe previo ó inicio das obras, informes mensuais durante a construción, un informe final nun prazo máximo de dous meses dende a finalización da obras e, na fase de funcionamento, informes trimestrais e informes anuais, que resumirán a información dos informes trimestrais. Ademais, incluírán información sobre os controis de calidade de augas.

- Para a subestación e edificio de control prevese a execución dun pozo de barrena para subministración de auga e a instalación dunha foxa séptica para vertido das augas residuais xeradas. Cómpre lembrar que para o abastecemento deberá contar co recoñecemento do dereito ó uso privativo ou coa correspondente concesión por parte desta administración hidráulica e, de non ser estanca a fosa séptica, deberase obter a regulamentaria autorización de vertido.

-De acordo co exposto, infórmase de xeito **favorable** o Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico Mesada, no concello de Vila de Cruces.

- Como observación final, convén ter en conta que, de acordo co indicado no artigo 25.4 do texto refundido da Lei de augas, no caso de continuar a tramitación o informe da Demarcación Hidrográfica (neste caso Augas de Galicia) entenderíase desfavorable se non se emitise no prazo establecido para o efecto.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2012

O xefe da Área de Autorizacións e Concesións


Juan José Lojo Buján

